



ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL
26.07.2018

LUGAR: Sala I do Edificio Miralles - Campus de Vigo

DATA: 26.07.2018

HORA DE COMEZO: 12:10

HORA DE REMATE: 13:40

LISTA DE ASISTENTES

D. Ernesto Pedrosa Silva
D. Manuel Joaquín Reigosa Roger
D. Miguel Ángel Michinel Álvarez
D^a Raquel María Souto García
D. Xosé Manuel Atanes Limia
D^a Mercedes Castro Mouzo
D. Jesús Graña Nogueiras
D^a María Elvira Larriba Leira
D^a Natalia Zunzunegui Garrido
D. Daniel Barata Quintas
D. Cesar Blanco Gómez
D^a Marta Iglesias Bueno
D. Francisco Gustavo Izquierdo Martínez
D^a María Elena Añel Cabanelas
D. Emilio Fernández Zunzunegui
D. Manuel González Piñeiro
D. Jorge Cebreiros Arce
D. Javier Garrido Valenzuela
D. Xulio Calviño Rodríguez
D^a. M^a do Carmen Fouces Díaz
D^a Yolanda López Fernández
D. José María Franco García
D. Antonio Macho Senra

ESCUSAN ASISTENCIA

D. Carlos Mollinedo Lois
D^a. Ana Isabel Vázquez Reboredo

NON ASISTEN

D. Ernesto Vázquez-Rey Farto
D. Francisco Javier Casares Mouriño
D. José Manuel Figueroa Vila
D. José Manuel Pérez Canal
D. Juan Manuel Piñeiro Rivas

SECRETARIO

D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O xoves, 26 de xullo de 2018, ás 12:10 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

ORDE DO DÍA

- 1.** Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (05.07.2018).
 - 2.** Informe do presidente.
 - 3.** Informe do Reitor.
 - 4.** Informe que proceda sobre a proposta de implantación de novas titulacións oficiais na Universidade de Vigo para o curso 2019/2020 (consonte Consello de Goberno do 20 de xullo de 2018):
 - Grao en Deseño e Creación
 - Máster Universitario en Enxeñaría Aeronáutica (Interuniversitario)
 - Máster Universitario en Ciencia e Tecnoloxía do Espazo (Interuniversitario)
 - Máster Universitario en Visión por Computador (Interuniversitario)
 - Máster Universitario en Xestión e Dirección de Sistemas e Tecnoloxías da Información e das Comunicacións e Seguridade da Información
 - Máster Universitario en Dirección e Xestión da Loxística e da Cadea de Subministro
 - PD en Turismo
 - PD en Protección do Patrimonio Cultural
 - 5.** Informe que proceda sobre a proposta de modificación das seguintes titulacións oficiais da Universidade de Vigo para o curso 2019/2020 (consonte Consello de Goberno do 20 de xullo de 2018):
 - Grao en Química
 - Grao en Administración e Dirección de Empresas
 - Grao en Educación Infantil
 - Grao en Educación Primaria
 - Grao en Ciencias do Mar
 - Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación
 - Máster Universitario en Industria 4.0 (Verificación – Incorporación de la Universidad de León)
 - Máster Universitario en Mecatrónica
 - Máster Universitario en Enxeñaría da Automoción
 - Máster Universitario en Xestión Empresarial do Deporte
 - Máster Universitario en Dirección Integrada de Proxectos (Interuniversitario)
 - Máster Universitario en Técnicas Estatísticas (Interuniversitario)
 - Máster Universitario en Lingüística Aplicada (Interuniversitario)
 - Máster Universitario en Dereito de Empresa
 - PD en Ciencia e Tecnoloxía Química
 - 6.** Aprobación, se procede, dos prezos públicos para o Alumnado visitante estranxeiro.
 - 7.** Informe dos convenios asinados pola Universidade de Vigo nos meses de maio e xuño.
 - 8.** Rogos e preguntas.
-



Agradece don Ernesto Pedrosa a asistencia, "máis se cabe, porque nestas datas supón un plus de esforzo e compromiso que quero recoñecer expresamente". Agradece así mesmo a comparecencia do Vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, don Manuel Ramos, para informar sobre os principais asuntos da Orde do día.

Os presentes reciben un exemplar da publicación do estudo "Guía de los moluscos marinos de Galicia", editada coa colaboración do Consello Social.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (05.07.2018).

- **Apróbase por asentimento**

PUNTO 2

Informe do presidente.

Reflexiona don Ernesto Pedrosa na súa intervención sobre a aparición de empregos ata o de agora descoñecidos e sobre os novos perfiles profesionais que se están a demandar, para subliñar de seguido a importancia de sesión na que se analizará a ampliación da oferta e modificación de títulos que ofrece a Universidade de Vigo. Salia a capacidade da universidade para tentar formar con coherencia para os novos empregos, superar as rixideces estruturais e anticiparse aos cambios e ás tendencias e demandas.

Comenta a importancia da implantación do Grao de Enxeñaría Biomédica en Vigo este curso (un título solicitado dende o Consello Social en 2011), ou o de Enxeñaría Aeroespacial en Ourense o curso anterior, "dúas titulacións coas que a universidade cambiou a órbita das ilusións pola traxectoria firme dos feitos", afirma o presidente, e engade que reflicten a potencialidade e a cualificación da universidade para impartilos.

Afirma don Ernesto Pedrosa que, neste escenario, é moi importante acertar coas titulacións, e actuar conforme ao que marcan os datos académicos e laborais, as grandes tendencias de vangarda educativa e de emprego e o que buscan e pensan os estudantes. Apoia a súa argumentación en diferentes indicadores, en especial nos recollidos no Estudo sobre a confianza dos alumnos da Universidade de Vigo na súa empregabilidade, promovido polo Consello Social.

Explica que na Orde do día se recollen toda as declaracións de interese para implantar ou modificar titulacións que se presentaron no Pleno do Consello Social do pasado mes de abril (en total 23), das que superaron o proceso de validación tan só as doce para as que se solicita informe favorable nesta sesión. E xustifica esta decisión porque "así poderá comprobarse o rigor, a esixencia e a garantía con que se analizan, avalían e valoran as propostas, un proceso que non todas superan".

Por último comunica o acordo do Consello de Goberno do 20 de xullo polo que se designan os representantes no Consello Social: José María Martín Moreno (profesorado), Óscar Moldes Pita (alumnado) e Xoán Cebro Rodríguez (PAS). Deste acordo se dará traslado á Consellería de Educación para que ordene a publicación no DOG que converterá aos citados en membros de pleno dereito do Consello Social.

PUNTO 3

Informe do Reitor.

Don Manuel Reigosa amosa a súa satisfacción pola "alta asistencia nesta época" que presenta o Pleno e pola edición da guía sobre os moluscos, que cualifica como un importante traballo. Sinala os catro campus de especialización da Universidade de Vigo como o camiño para pensar nas profesións de futuro e nas novas titulacións, e apunta neste senso que a Xunta está a preparar un estudo ao respecto, "que servirá de xermolo de novos títulos".



No relativo á matrícula na Universidade de Vigo, o Reitor declárase satisfeito porque se estará moi preto do cen por cen, pese ás dificultades xa sabidas en algunhas titulacións que teñen un bo nivel de formación pero pouco alumnos, o que atribúe a que probablemente non sexan suficientemente coñecidas. Neste senso anuncia que o plan global para a captación de alumnado estará operativo o próximo ano, e que entre tanto se fará un esforzo o vindeiro mes de setembro para achegar alumnos ás ofertas con menor demanda.

PUNTOS 4 e 5

Informe que proceda sobre a proposta de implantación de novas titulacións oficiais na Universidade de Vigo para o curso 2019/2020 (consonte Consello de Goberno do 20 de xullo de 2018):

- *Grao en Deseño e Creación*
- *Máster Universitario en Enxeñaría Aeronáutica (Interuniversitario)*
- *Máster Universitario en Ciencia e Tecnoloxía do Espazo (Interuniversitario)*
- *Máster Universitario en Visión por Computador (Interuniversitario)*
- *Máster Universitario en Xestión e Dirección de Sistemas e Tecnoloxías da Información e das Comunicacións e Seguridade da Información*
- *Máster Universitario en Dirección e Xestión da Loxística e da Cadea de Subministro*
- *PD en Turismo*
- *PD en Protección do Patrimonio Cultural*

Informe que proceda sobre a proposta de modificación das seguintes titulacións oficiais da Universidade de Vigo para o curso 2019/2020 (consonte Consello de Goberno do 20 de xullo de 2018):

- *Grao en Química*
- *Grao en Administración e Dirección de Empresas*
- *Grao en Educación Infantil*
- *Grao en Educación Primaria*
- *Grao en Ciencias do Mar*
- *Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación*
- *Máster Universitario en Industria 4.0 (Verificación – Incorporación de la Universidad de León)*
- *Máster Universitario en Mecatrónica*
- *Máster Universitario en Enxeñaría da Automoción*
- *Máster Universitario en Xestión Empresarial do Deporte*
- *Máster Universitario en Dirección Integrada de Proxectos (Interuniversitario)*
- *Máster Universitario en Técnicas Estatísticas (Interuniversitario)*
- *Máster Universitario en Lingüística Aplicada (Interuniversitario)*
- *Máster Universitario en Dereito de Empresa*
- *PD en Ciencia e Tecnoloxía Química*

O presidente cede a palabra ao Vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado para que informe sobre ambos puntos. Don Manuel Ramos agradece a invitación e amosa a súa disposición a acudir sempre que o estime oportuno o Consello Social. De seguido explica o proceso e o calendario que seguirán as propostas. Resume que nesta sesión se presentan 12 propostas das 23 declaradas de interese inicialmente, polo que once quedaron polo camiño por diferentes causas, pero aclara que non decaen definitivamente senón que irán o ano seguinte. Neste apartado salienta o novo Grao en Deseño e Creación, que será implantado o seguinte curso, e que foi retirado agora para adecuarse ao



proceso de modificación previsto o próximo ano no Grao de Belas Artes, polo que se estimou oportuno facer o proceso das dúas titulacións en paralelo e de forma conxunta.

Sobre as novas titulacións (tres Másteres e dous Programas de Doutoramento) argumenta as características principais e a correlación que manteñen cos Campus. Respecto das modificacións, expón individualmente os cambios que se propoñen en cada caso, debidos basicamente a causas técnicas menores, adaptación dos planos de estudos ou secuenciación dalgunha materia. Salaria, con carácter xeral, o ámbito interuniversitario de varios Másteres, o custe entre cero e 3.000 euros das novas propostas e mesmo a creación dunha docencia a distancia –ademais da presencial e semipresencial- como é o caso da Dirección integrada de proxectos. Remata cunha reflexión sobre os Programas de Doutoramento.

Don Manuel González pregunta pola situación da Enxeñaría Aeroespacial no Campus de Ourense, e os problemas que están a saír nos medios respecto ao laboratorio e ao profesorado.

O Reitor entende que estes procesos hai que facelos con tempo, e que quizais a titulación non se planificou adecuadamente e coa previsión suficiente. Don Manuel Reigosa resposta anunciando una inmediata reunión cos estudantes e recoñece que moitos equipamentos estaban sen mercar, pero engade que todos os procesos están en marcha e confía en que se rematen en tempo. Neste mesmo senso anuncia que entre novembro e decembro espera que estea resolto o equipamento dos laboratorios, para o que se estableceu unha partida dentro do convenio que se firmará coa Xunta. E máis alá dos espazos e os equipamentos, subliña a necesidade de que a titulación dispoña dun edificio propio, por tratarse dunha titulación de primeiro nivel con alta nota de corte e alumnos dabondo, que ten que facer as prácticas nos edificios do Campus da Auga, --"espero que a Consellería sexa sensible a esta necesidade"-.

Maior nivel de dificultade observa no relativo ao profesorado--"agora mesmo o maior atranco"- e da conta, entre outras iniciativas, de que están abertos concursos xa con candidatos suficientes, ademais de mobilizar a comisionados para buscar profesionais de alto nivel por si fosen precisos. Non descarta que todo o profesorado, ca fórmula administrativa que sexa oportuna en función da présa, estea cuberto para iniciar o curso, e garante que os titulados van a ser bos e terán a formación precisa.

Don Ernesto Pedrosa agradece ao Vicerreitor don Manuel Ramos as abondosas e debulladas explicacións e aclaracións aportadas na sesión.

- **O Pleno informa favorablemente as propostas presentadas**

PUNTO 6

Aprobación, se procede, dos prezos públicos para o Alumnado visitante estranxeiro.

Introducido e exposto sucintamente polo presidente o contido da normativa e a proposta de prezos que se presenta.

- **O Pleno da a súa aprobación**

PUNTO 7

Informe dos convenios asinados pola Universidade de Vigo nos meses de maio e xuño.

- **O Pleno dáse por informado**

PUNTO 8

Rogos e preguntas.

Sobre a localización da Enxeñaría Aeroespacial ábrese unha primeira rolda de intervención que principia dona Mercedes Castro ao lembrar que as escolas tecnolóxicas están en Vigo, e declarar a súa preocupación porque ás veces mírase pouco a infraestrutura e os recursos para situar unha titulación,



e pénsase máis en clave localista. Avoga por prestar máis atención a que o reparto de titulación por Campus responda a criterios máis lóxicos consonte os recursos públicos.

Defenden a implantación en Ourense dona María Elena Añel (“despois do de Física había que darlle unha oportunidade a Ourense”) e don Daniel Barata (“o Polígono de San Cibrao é o que máis factura de Galicia no sector aeronáutico, e non hai técnicos suficientes para atender a demanda. Como ourensán e como político digo que é merecido”). Don Xulio Calviño lembra que a supresión de Física levou a Enxeñaría Aeroespacial a Ourense, pero entende que se non se fixera así naquel intre “ao mellor non tiñamos a titulación na Universidade de Vigo”. Admite que as razóns técnicas puideran aconsellar que o Campus de Vigo era o máis axeitado, pero afirma que o Consello Social foi xeneroso apoiando a Ourense como sede. Recoñece que naquel contexto foi unha decisión política que resultou beneficiosa para Ourense e para Galicia –“collemos o tren acertadamente naquel momento, para non perdelo”, resume. Finalmente reflexiona que o nacemento dunha titulación sempre é difícil e lembra o que ocorreu con Industriais “que case naceu nun barracón e hoxe é unha potencia”.

Unha segunda rolda de intervención prodúcese despois de que don Xosé Manuel Atanes pida a palabra para deixar constancia da “robotización” que –a seu xuízo- estase a producir na universidade e o abandono das Humanidades ao mesmo tempo, observando este mesmo problema na ensinanza secundaria. Don Manuel González afonda no argumento ao apuntar que á empresa débenselle dar os técnicos que precise, pero a universidade debe manter unha actitude e un espírito críticos. Pon como exemplo que practicamente todos os títulos analizados na sesión corresponden ao ámbito tecnolóxico. Como contrapeso, avoga por promocionar as Humanidades. Na mesma idea sitúa don Emilio Zunzunegui a súa reflexión, e pide que se impulse a conexión da universidade e a sociedade.

Don Javier Garrido invita a non perder de vista que os alumnos pensan no traballo e que fai falta xente formada, porque esa é a realidade do mercado. Tamén lle outorga valor a que os estudantes teñan un alto compoñente humanístico na súa formación, e resalta as titulacións que coexisten no campo da reflexión. Don Jorge Cebreiros afirma que a formación é importante pero a empregabilidade é fundamental, e advirte contra a frustración dos titulados por non atopar traballo; defende que as carreiras técnicas teñan materias humanísticas, e explica que as empresas precisan persoas críticas con capacidade de reflexión e outras potencialidades que non proporcionan as carreiras. E sinala as dificultades das empresas para incorporar a perfiles tecnolóxicos, pese aos altos salarios que se ofrecen.

Pola súa banda, don Antonio Macho expón a conveniencia de que se conte cos Colexios Profesionais para falar das profesións do futuro. “Somos os que coñecemos as carencias formativas e o que se precisa en cada momento”. Ofrece a colaboración e experiencia dos colexios, incluso para falar dalgunhas titulacións que non cobren as prazas de matrícula porque, aínda impartindo unha boa formación, os seus titulados non son quen de resolver os problemas que teñen as empresas –“polas carencias formativas”. Reitera a disposición a colaborar.

Pecha as intervencións o Reitor para comentar que a Universidade de Vigo ten un bo ámbito de coñecemento humanístico, e que se ben se podería analizar que incorporar en titulacións técnicas, “os alumnos son capaces de falar en público, relacionarse ou negociar, e queremos profundar niso, pero un dos faros que atrae estudantes e debe estar sempre enriba da mesa é a empregabilidade”. Asinte que a Enxeñaría Aeroespacial puidera estar mellor en Vigo, pero aproveitouse “unha oportunidade para tela nós e non outros. Agora está no Campus de Ourense e o que queremos é que atraía estudantes á Universidade de Vigo no Campus de Ourense”. Remata este asunto declarando que os localismos “son máis unha fortaleza ca unha debilidade, fronte á tentación de centralizalo todo. Sobre a situación que atravesamos a titulación manifesta que “quizais nos confiamos demasiado” porque había parte do profesorado e con gran nivel.

Respecto das novas titulacións argumenta que deben fortalecer as liñas mestras que representan as catro especializacións que ten a Universidade de Vigo, e declara que non se trata de inventar algo que non teña demanda, senón que haberá que buscar o máximo rendemento. Agradece o ofrecemento de don Antonio Macho e subliña que pedirá información ao Consello Social, aos



colexios e ás empresas, amosándose partidario de contar con todas as opinión externas posibles para elaborar os planos de estudos.

Don Ernesto Pedrosa aprecia todas as intervencións que pon como referencia da vitalidade e as distintas sensibilidades sempre construtivas que se agrupan no Consello Social.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:40 horas do 26 de xullo de 2018, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

V^o e pr.,
O presidente do Consello Social,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias